



CONCELLERÍA DE CULTURA



NORMAS XERAIS DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN DE LOUSAME 2020

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E OBRIGAS CON MOTIVO DO COVID-19

Parar a propagación e responsabilidade de todos

Declaración responsable

Deberán presentala todas as persoas participantes; equipos técnicos, voluntarios... así como todo o persoal implicado no desenvolvemento das actividades.

A declaración responsable facilitada na web do concello, entregárase firmada o día antes do inicio ou no seu defecto o primeiro día dos campamentos. Mediante o documento o interesado manifesta baixo a súa responsabilidade que a saúde do neno/a durante os 15 días previos o inicio do campamento foi axeitada e non sufriu nin tos, febre, cansancio ou falta de aire, e tampouco estivo en contacto con ninguén que presentara dita sintomatoloxía.

Compromiso responsable

Os pais/nais ou titores/as dos/as participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada co COVID-19 non acudirá ao campamento. Contactará telefónicamente cos responsables.

En todos os casos garántese o cumprimento dos protocolos de seguridade (sinalización e vixilancia para respectar a distancia social, control de acceso, medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias,); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais empregados nas actividades e ademáis adoptaranse medidas organizativas de xestión encamiñadas a previr e limitar as actividades grupais.



Actuación ante un posible caso de COVID-19

O grupo de vinte nenos dividirase en catro subgrupos de cinco, en cada grupo nomearase unha persoa coordinadora do COVID-19, e en cada subgrupo terá un monitor encargado do COVID-19.

O coordinador/a do grupo será o/a responsable da coordinación das medidas de prevención e control establecidas. Será encargada de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade correspondente se existise algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Ante a manifestación de síntomas relacionados co COVID-19 por parte dos nenos, nenas participantes nos campamentos, será necesario que comuniquen esta circunstancia o antes preciso o coordinador responsable para establecer canto antes o protocolo de illamento.

Deste xeito, a persoa participante que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladado a un lugar illado, no que deberá permanecer e portar máscara cirúrxica.

Unha vez confirme os síntomas deberá poñerse en contacto co número de teléfono 900 400 116, ou 061.

Así mesmo, avisarase tamén o pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.

O persoal monitor encargado do subgrupo no que estivese a persoa participante, e o coordinador/a do COVID-19, encargaranse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo de neno/a posible afectado/a co fin de facilitar a actuación da Xefatura Territorial de Sanidade, seguindo sempre as súas instrucións. Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso, procurarase minimizar a interacción co resto dos grupos.

En todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde de tódolos participantes.



Protocolo de recepción e despedida dos nenos e nenas

Medidas a entrada ao recinto cada día:

Desprazamento ás instalacións:

- Accederase o polideportivo da Silva en coche, pola vía coñecida como "fonte do Redullo".
- Establecerase na porta do polideportivo un control de acceso a partir das 9:00 h. que se atenderá por rigorosa orde de chegada.
- Baixo ningún motivo o pai/nai, titor/a baixará do vehículo.
- A persoa responsable de dito control, tomaralle a temperatura con termómetro infravermello ao neno/a que en caso de ser $>37^{\circ}$ non poderá acceder ás instalacións. No control de temperatura facilitaráselle unha máscara.
- Confirmarase que non se identificou ningunha situación que contraveña a Declaración responsable.
- Accederase á instalación con máscara tras limpar os pés no felpudo desinfectante.
- Desinfección de mans con xel hidroalcolico antiséptico.
- Habilitarase na instalación un Servizo de gardarroupa con espazo independente para cada neno/a.
- Habilitarase tamén na instalación unha zona independente para cada mochila/nevera da comida.

Medidas para a saída dos nenos/as cada día:

- Informar á persoa que recolle se houbo algunha incidencia.
- Toma de temperatura co termómetro infravermello.
- Desinfección de mans con xel hidroalcolico antiséptico.
- Desinfección dos pés a saída no felpudo desinfectante



Medidas de seguridade durante as actividades:

-Breve acción formativa para os nenos e nenas, que se celebrará o primeiro día e estará apoiado por paneis informativos durante todo o campamento;

Qué é o Coronavirus?-Que medidas de protección imos adoptar para a prevención

-Adaptarémonos ás recomendacións e medidas de prevención e seguridade reguladas por parte das autoridades competentes.

-Lavado de mans despois de levar a cabo actividades que poideran supor o contacto con superficies "con risco". Para facilitar a frecuencia na limpeza das mans, cada grupo contará cun dosificador.

-Separación do grupo de vinte participantes en grupos de cinco.

Establecemento de campo base e campo de acción .

Se o tempo o permite todas as actividades levaráanse a cabo no exterior

Establécense ás actividades en estacións temáticas rotativas.

-Estableceranse medidas de distancia de seguridade entre os participantes, durante todo o campamento (actividades, desprazamentos...)

-Débese evitar compartir comida, bebida...

Espazos de actividade permanente:

-Establecerase un campo base no polideportivo dividido en catro áreas ben delimitadas. A cada unha das áreas asinaráselle unha cor. Cada cor estará formado por un equipo de cinco nenos/as. As pertencenzas ubicaranse no campo base no roupeiro e na área reservada para mochilas e neveras

Espazos de actividade compartidos:

-Establecerase un campo de acción das actividades no Campo de Fútbol dividido tamén en catro áreas ben delimitadas. Do mesmo xeito co polideportivo, cada área ten asignada unha cor en un equipo de cinco nenos/as.



As actividades dos campamentos levarémolas a cabo no Campo de Fútbol Municipal da Silva e en diferentes ubicacións naturais do Concello de Lousame. Favorecendo sempre ás actividades o aire libre, sempre que o tempo o permita.

Materias de actividade compartidos:

Unha vez finalizada a actividade ; o monitor/a responsable procederá a súa desinfección cos produtos homologados correspondentes, non podendo ser empregado por outro grupo ata que se leve a cabo a tarefa de desinfección.

As persoas participantes nos campamentos están obrigados a :

Importante: Non acudir á actividade si durante os 14 días previos á entrada ao campamento padeceu tos, febre, cansancio o falta de aire. Ademais de non haber estado en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.

- Incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos.
- O material de prevención para dar cumprimento as medidas dictadas será facilitado polos monitores
- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade..
- A identificarse para a recollida das/os menores á finalización diaria do campamento.
- Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizados/as na solicitude.
- A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolva.



Dende a organización recomendamos:

Imprescindible:

- a. Rroupa e calzado cómodo , que permita xogar e facer obradoiros. Deben traer unha muda para actividades deportivas e actividades de auga.
- b. Gorra e Mochila .
- c. Auga e merenda para a media mañá.
- d. Protección solar : aplicala na casa antes de saír e enviarlle o bote na mochila para poder aplicála novamente máis tarde.
- No caso de actividades de auga(inchables, xogos con auga, etc): toalla de praia,
- bañador e calzado para meterse na auga (a poder ser que suxeiten o pé por diante e por detrás).
- No caso de ter que administrar medicación: Os medicamentos deberán entregarse e recollerse da man da persoa responsable da actividade (nunca enviar na mochila), así como estar marcados con nome e apelidos do/a rapaz/a, hora da toma e dose a administrar por escrito.
- Non se permiten aparatos electrónicos de ningunha índole. A organización non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro. De ser detectados, seranlle retirados ata a saída da actividade.